



NON ESTADES SÓS, NON ESTADES ESQUECIDOS

Festa de Nosa Señora do Carme, patroa das xentes do mar

Queridos homes e mulleres do mar:

O 4 de outubro de 2020, no medio da dura pandemia da COVID-19, o Apostolado do Mar, o Stella Maris, cumpría 100 anos de apostolado e de permanente proximidade á xente do mar. Foi un ano moi difícil para todos no que, no medio da dura proba, sucedéronse importantes reflexións sobre os sectores da sociedade que máis sofren en tempos de crises. As xentes do mar corren moitos riscos físicos, enfróntanse a grandes retos familiares e experimentan sufrimentos e dificultades que a COVID-19 acentuou. Son moitas as fragilidades no mundo do mar e os seus traballadores, un mundo precioso para a humanidade en termos de economía, de comercio, de alimentación e de protección do medio ambiente.

O mesmo día en que se cumprían os 100 anos da creación do Stella Maris en Escocia, o papa Francisco facíase eco desta gran celebración nun discurso despois do ángelus en Roma. Uns meses antes, recibira en audiencia aos participantes no encontro de capeláns e de voluntarios europeos do Stella Maris-Apostolado do Mar, as persoas que traballan nos portos e están ao servizo da xente do mar e dos pescadores.

O papa Francisco sinalou naquel encontro que o apostolado do Stella Maris está presente en máis de 300 portos de todo o mundo e ofrece asistencia espiritual e material a mariñeiros, a pescadores e ás súas familias. Ademais, resaltou a importancia da industria marítima e da xente do mar para a economía e o sustento da sociedade mundial, e pediunos aos alí presentes que transmitísemos aos pescadores e mariñeiros o seu profundo aprecio e o seu alento. O papa fixo un chamamento ao especial coidado da vida dos profesionais do mar, que está marcada polo illamento e a distancia, tamén polo abuso e a inxustiza, polos perigos da natureza e polos ataques da piratería e do terrorismo.

O encontro concluíu cunha invitación do santo Padre aos capeláns e voluntarios de Stella Maris a escoitar o corazón das xentes do mar, e cunha exhortación á acción de todos os membros do apostolado marítimo a esforzarse para abordar os problemas das xentes do mar: «Penso na trata de seres humanos, no traballo forzado e na violación dos dereitos humanos e laborais de tantos homes e mulleres que viven e traballan nos mares. Co voso servizo podeades contribuír a devolver a estas persoas o sentido da súa dignidade».

A Igrexa naceu entre as xentes do mar e ao longo dos séculos foi mestra no acompañamento dos problemas e das vidas dos mariñeiros. Os cen anos de historia de Stella Maris están cheos de momentos en que as testemuñas da fe cristiá iluminaron a vida dos homes e das mulleres do mar, e con eles enfrontáronse ás máis terribles inxustizas que ensombreceron os traballos no mar. O papa Francisco convídanos a manter esta proximidade hoxe e guíanos coa súa entrega e coa súa palabra certa e valente.

A preocupación da Igrexa polos homes e mulleres da mar tena encomendada agora un novo organismo da Santa Sé, fundado e moi seguido de preto polo papa Francisco, o Dicasterio para o Servizo do Desenvolvemento Humano Integral, á fronte do cal está o cardeal ganés Peter Turkson, que recentemente nos enviou unha importante mensaxe con ocasión do Día mundial da pesca. Nel



dinos que o camiño cara á plena protección dos dereitos humanos e laborais de todas as categorías de pescadores segue a ser un camiño longo e sinuoso, pero que, unha vez máis, hai que alzar a voz para pedir que as organizacións internacionais e os gobernos redobren os seus esforzos para aplicar a lexislación, para mellorar as condicións de vida e de traballo dos pescadores e das súas familias e que endurezan a súa loita contra o traballo forzoso e a trata de persoas. O compromiso cos homes e mulleres do mar por parte do papa Francisco e da Santa Sé é profundo e clarividente, e desde España agradecémolo profundamente.

Tamén, no medio da pandemia, chegounos a voz experimentada e clara do padre Bruno Ciceri, responsable do Sector do mar no ámbito do Dicasterio para o Servizo do Desenvolvemento Humano Integral, na que reflexiona sobre as numerosas cuestións que afectan os traballadores do sector marítimo e ás súas familias, e para subliñar a permanente proximidade do papa Francisco aos problemas do mar e aos seus traballadores. A razón principal pola que o santo Padre está preto das xentes do mar, dinos, é porque o mundo marítimo é unha das periferias onde a Igrexa está presente, onde a Igrexa traballa. Hai algúns temas no mundo marítimo que son moi sentidos polo papa Francisco, debido ao sufrimento das persoas. Pensemos no traballo forzado, o tráfico de persoas, a escravitude. Quen traballa no mar ten unha vida difícil e, ás veces, perigosa. E isto ten un forte impacto na familia.

O Stella Maris, o Apostolado do Mar, está presente dun modo moi próximo nas parroquias mariñeiras, nos portos de mar atendendo aos mariñeiros e ás súas familias, visitando os barcos cando chegan con mariñeiros que non coñecen a lingua e que necesitan cousas urxentes e a compañía de xente amiga. O Stella Maris, o Apostolado do Mar, quere impulsar cada día a presenza da Igrexa en cada porto, en cada pobo mariñeiro, en todas as nosas parroquias próximas ao mar, porque a luz da fe é o mellor camiño para loitar pola dignidade da vida das nosas xentes do mar.

Nestes tempos difíciles para todos, e dunha maneira moi especial para os mariñeiros, o Stella Maris, o Apostolado do Mar, quere estar preto de cada un dos homes e mulleres do mar para dicirvos que non estades sós, que non estades esquecidos. O Stella Maris cumpriu 100 anos con todos vós, e todos os que formamos esta gran familia queremos que sigades sentindo preto o corazón e o compromiso da Igrexa. Seguiremos remando xuntos nos camiños da dignidade e da xustiza, da liberdade e da solidariedade. O Evanxeo de Xesucristo condúcenos e guíanos. Nosa Señora, a Virxe do Carme, a nosa patroa, a Stella Maris, seguiranos coidando co agarimo da Nai que nos quere ver como unha familia que sabe que na unión está a súa forza.

Cos mellores desexos de que celebredes gozosamente a festa da nosa patroa, e encomendando a todos os falecidos no mar, bendígovos a todos no nome do Señor.

+ Luís Quinteiro Fiuza.

Bispo de Tui-Vigo.

Bispo promotor do Stella Maris en España.